



GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NÚÑEZ, portavoz do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta ante o Pleno do Concello a seguinte PROPOSICIÓN, solicitando que a Xunta de Goberno Local **ASUMA DEFINITIVAMENTE O CUMPRIMENTO DA “LEI DA MEMORIA HISTÓRICA” NO NOSO TERMO MUNICIPAL.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían os dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, coñecida como “Lei da Memoria Histórica”, no seu artigo 15 (de símbolos e monumentos públicos), apartado 1, establece o seguinte:

“As Administracións públicas, no exercicio dos seus compromisos, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura”.

Desde antes da entrada en vigor deste texto legal o Concello de Pontevedra foi eliminando do seu rúeiro nomes franquistas e substituíndoos por outros merecentes do recoñecemento popular. Con todo, á luz da Lei da Memoria Histórica, estas revisións e a súa obrigada aplicación normativa aínda distan hoxe, en xuño de 2017, de ser completas.

A lexislación deixa aberto o método a seguir para os cambios e mesmo que órgano ten a competencia para facelos. Non o concretan nin a Lei de Bases de Réxime Local, nin a de Administración de Galicia, nin tampouco, no caso de Pontevedra, o Regulamento Orgánico do Pleno (ou unha ordenanza específica, da que carecemos). En ocasións anteriores, en Pontevedra optouse polo acordo plenario, como en moitos concellos de toda España. Aínda que en non poucos concellos tamén se optou por impulsar a remuda na Xunta de Goberno Local, ou a través dun decreto da Alcaldía (e mesmo, nalgúns casos, se chegaron a someter as propostas a consulta popular).

Igualmente, é variado o asesoramento ao que se recorreu para argumentar os cambios. Hai estudos e informes emitidos tanto por Comisionados de expertos coma por Grupos universitarios de investigación ou polas propias Comisións informativas do pleno.

A respecto disto, o concelleiro responsable da materia en Pontevedra afirmou na sesión plenaria de agosto de 2016: “Non somos moi partidarios tampouco de someter esta cuestión ao criterio único, exclusivo e prioritario dos expertos e das expertas”.

No pleno de novembro de 2016, o mesmo concelleiro dixo: “Propoñemos que na próxima comisión de Benestar Social se analice esta cuestión (...) para facer unha revisión absoluta da nomenclatura das rúas urbanas, a fondo, de verdade”.

Celebráronse xa sete xuntanzas desa comisión (os días 17 de novembro e 14 de decembro de 2016, e 24 de xaneiro, 15 de febreiro, 15 de marzo, 4 de abril e 17 de maio de 2017), e o asunto non foi incorporado a ningunha das súas ordes do día.

Dado o devandito, e dado que o Pleno de xullo de 2015 acordara impulsar a feminización do rueiro (a proposta e segundo unha listaxe presentada polo GM do Bloque ampliada, a instancia de Marea Pontevedra, cos nomes de Amalia Álvarez, Virxinia Pereira e Emma Mourón), o noso grupo municipal formula a seguinte

PROPOSICIÓN

Co ánimo de respectar as vítimas e os seus familiares, de completar a democratización do rueiro da cidade e de eliminar de xeito definitivo calquera símbolo, homenaxe ou enalzamento da ditadura do xeneral Franco, e mais para evitar posibles denuncias contra esta corporación por incumprimento da Lei de Memoria Histórica, instamos á Xunta de Goberno Local a tomar a iniciativa para cumprir e facer cumprir esta lei no noso termo municipal, sen máis dilacións, a través da fórmula que se estime máis acaída e con acordo final en Pleno.

Pontevedra, 12 de xuño de 2017

O portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra. Luís Rei Núñez